

1º BACH-CULTURA CIENTIFICA

TEMPORALIZACIÓN CULTURA CIENTÍFICA 1º BAC

1º AVALIACIÓN

- UNIDADE 3: VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR. Bloque 3. Avances en biomedicina
- UNIDADE 2. A ORIXE DA VIDA E A ORIXE DO SER HUMANO. Bloque 2. A Terra e a vida
- TRABALLO TRIMESTRAL E EXPOSICIÓNS.

2º AVALIACIÓN

- UNIDADE 1: NOSO PLANETA: A TERRA. Bloque 2. A Terra e a vida
- UNIDADE 4 . A REVOLUCIÓN XENÉTICA O SEGREDO DA VIDA. Bloque 4. A revolución xenética
- TRABALLO TRIMESTRAL E EXPOSICIÓNS.

3ª AVALIACIÓN

- UNIDADE 5. BIOTECNOLOXÍA. Bloque 4. A revolución xenética
- UNIDADE 6. UN MUNDO DIXITAL Bloque 5. Tecnoloxías de información e comunicación
- UNIDADE 7. FUNCIONAMENTO DE INTERNET Bloque 5. Tecnoloxías de información e comunicación
- UNIDADE 8. NOVAS TECNOLOXÍAS. Bloque 5. Tecnoloxías de información e comunicación
- TRABALLO TRIMESTRAL E EXPOSICIÓNS.

O Bloque 1 (Procedementos de traballo) e os seus contidos correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións.

Secuenciación de Unidades:

BLOQUE DE CONTIDOS	UNIDADE DIDÁCTICA	NÚMERO DE SESIÓN APROXIMADAS
I. Procedementos de traballo	Todas	
II. A Terra e a vida	O NOSO PLANETA: A TERRA	7
	A orixe da vida e a orixe do ser humano	8
III. Avances en Biomedicina	Vivir máis, vivir mellor	9
IV. A revolución xenética	Revolución xenética: o segredo da vida	6
	Bioteecnoloxía	6
V. Tecnoloxías da información e a comunicación	Un mundo dixital	
	Funcionamento de Internet	8
	Novas tecnoloxías	

TOTAL DE SESIÓN POR CURSO	1º AVALIACIÓN	2º AVALIACIÓN	3º AVALIACIÓN	TOTAL

1º	23 (19 clases+1 exame+3 exposicións)	17 (13 clases + 1 exame+3 exposicións)	18 (14 clases +1 exame+ 3 exposicións)	58
----	---	---	---	----

Sobran alomenos un par de sesións en cada trimestre para contixencias posibles (folgas, extraescolares....)

Criterios de cualificación

Respecto aos criterios de cualificación en Cultura Científica serán:

As probas escritas suporán un 60% da cualificación final.

O 40% restante virá dado pola puntuación obtida en:

Traballos e/ou proxectos (20%)

Traballo diario (20%).

No apartado de traballo diario teranse en conta actividades realizadas polo alumnado tanto na aula como na casa. Dentro deste apartado valoraranse a análise e comentarios de textos e artigos científicos, exercicios, cuestionarios, actividades tipo test, actividades interactivas,...

Para o seguimento destes aspectos utilizaranse rúbricas de valoración dos traballos, proxectos, actividades ... , e o caderno do profesor (onde están as fichas de seguimento do alumnado).

Haberá alomenos unha proba escrita por trimestre.

Para superar cada avaliación será preciso obter unha nota media final de 5 nas probas escritas que suporá o 60% da nota e asemade o alumno deberá alcanzar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados (actividades, traballos,...) non sendo necesario nestes apartados ter unha nota mínima, a excepción como se acaba de sinalar da proba escrita.

Para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 na media das tres avaliacións.

Mecanismos de recuperación para o alumnado que non acade os obxectivos propostos:

No momento que se detecte que o alumno non esta acadando os obxectivos fixados, propoñeranselle unha serie de actividades de reforzo, similares ás realizadas na aula.

Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (60%) na proba de recuperación do seguinte trimestre . Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos a actividades e traballos (40%). Se o alumno/a non supera a materia por exames parciais terá dereito a un exame final en xuño que pola súa excepcionalidade supora o 100% da nota. Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.

A nota final da materia virá dada pola media das tres avaliacións e deberá ser igual ou superior a cinco puntos.

***Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:**

a.- A nota mínima para superar a materia será de 4,5 .En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media

b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.

c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exámenes, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado sancionará cun cero na cualificación da correspondente proba

No mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria sobre os contidos de todo o curso baseándose nos estándares de aprendizaxe como indica o decreto 86/2015.

-